



1 REFERENTE ÁS PERSOAS

ASPECTOS LEGAIS

Calquera usuario de Internet –non só os menores– debe saber que ler o correo doutra persoa sen o seu permiso, facerse pasar por quen non é para prexudicar a un terceiro, calumniar ou insultar publicamente, publicar na rede fotografías ou vídeos de alguén sen o seu consentimento, ameazar ou intimidar, así como entrar en ordenadores ou sistemas alleos, non é só facer un mal uso da Rede senón, o que é máis grave, se trata dun uso ilegal.

Lamentablemente, entre os adolescentes algunhas destas condutas son prácticas habituais pois se amparan en crenzas erróneas amplamente difundidas, entre elas pensar que en Internet non hai normas nin se aplica ningún tipo de Lei ou que o anonimato é total.

Ante esta situación, é importante transmitir dúas mensaxes moi claras aos adolescentes:

1. Internet é un espazo regulado pola Lei.
2. En Internet non existe o anonimato absoluto.

Debemos saber que, tanto se se está no lugar do que executa este tipo de condutas ilegais, como no do que as recibe, a Lei actúa e se aplica sempre. É moi importante que os menores saiban que este tipo de condutas poden e deben denunciarse.

É responsabilidade dos docentes, xunto con pais e nais, desenvolver un espírito crítico nos adolescentes, para convertelos en usuarios respectuosos e conscientes da rede. Por iso, en liñas xerais, deberíanse transmitir estes consellos:

- O que se publica en Internet ten sempre maior difusión da que se pensa, polo que hai que analizar ben o que se quere compartir antes de facelo e manter sempre a salvo os datos persoais.
- Nunca se debe responder a provocacións ou ameazas, e sempre poñelo en coñecemento dos adultos.
- Que nunca se sentan indefensos se son vítimas de acoso a través da rede. Hai que denunciálo porque Internet tamén está regulado por leis.
- No compartir nunca as claves de acceso e contrasinais.

O Código Penal de 1995 encheu as lagoas que existían en canto aos delitos en Internet, aos que se van incorporando novas regulacións. As infraccións máis frecuentes en Internet son de dous tipos: contra as persoas ou contra o patrimonio.

1. REFERENTE ÁS PERSOAS

1.1. AMEAZAS.

Consisten en advertir a outra persoa que se causará un dano a ela ou alguén da súa contorna (art. 169, libro II, Código Penal). A sanción básica recollida no Código Penal é de prisión de tres meses a un ano.

Agravantes:

- Ameazar por escrito, por teléfono ou por calquera outro medio de comunicación ou reprodución, como Internet.
- Utilizar para ameazar un instrumento que “facilita a impunidade do delincuente”, como é Internet.
- Ameazar con dar publicidade a un asunto, isto é, de forma que terceiras persoas poidan coñecer a natureza da intimidación.
- Ameazar con revelar ou difundir feitos da vida privada ou as relacións dunha persoa (aínda que non sexa nin famosa nin coñecida) en casos nos que, de cumprirse a ameaza, a sona, o crédito ou os intereses persoais da vítima se vexan afectados. A pena sitúase entre dous e catro anos de cárcere.
- Ameazar con cometer un delito (pena de prisión de seis meses a dous anos), máis aínda se se esixe algo a cambio para non cometelo e se logra esa esixencia (prisión dun a cinco anos).

Casos particulares:

- Coacción: Ameaza que persegue, con violencia, impedir que unha persoa faga algo lícito, ou ben obrigá-la a facer algo que non quere, sexa ou non lícito.
- Chantaxe: Ameaza con condición, esíxese algo a cambio para que non se cumpra.

1.2. CALUMNIAS E INXURIAS.

Calumnias: Asegurar que alguén actuou á marxe da Lei a sabendas de que nunca cometeu ningún delito (art. 205, libro II, Código Penal). A sanción básica recollida no Código Penal é unha multa económica de seis a doce meses e indemnización por danos e prexuízos.

Inxurias: Accións ou expresións –humillacións, insultos ou ofensas– de carácter grave que lesionan a dignidade doutra persoa, menoscabando a súa fama ou atentando contra a súa propia estima (art. 205, libro II, Código Penal). A sanción básica recollida no Código Penal é unha multa económica de tres a sete meses.

Agravantes:

- A publicidade, isto é, dar a coñecer ou facer posible que outras persoas coñezan a calumnia ou a inxuria, por exemplo facéndoo visibles en Internet. O endurecemento da sanción é o seguinte:
 - Por calumnias: Prisión de 6 a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses.
 - Por inxurias: De 6 a 14 meses de multa económica.
 - A realización a cambio de prezo, recompensa ou promesa.
 - A existencia de trato degradante que afecte de forma grave a integridade moral.

1.3. DELITOS CONTRA A INTIMIDADE.

Os datos persoais están protexidos pola Constitución (art. 18,4), de forma que non poden ser utilizados se non é co consentimento informado do seu titular e para uns fins concretos. A Lei prohibe acceder, apoderarse, utilizar, modificar e alterar os datos persoais

de alguén prexudicándolle. A sanción é de prisión de un a catro anos e multa económica de doce a vintecatro meses. Difundir, revelar ou ceder a terceiros eses datos (por exemplo, publicándoos en Internet) supón unha pena de prisión de dous a cinco anos. A imaxe é o dato persoal máis completo porque nos identifica plenamente na sociedade e pode revelar información sensible (como a raza). O seu uso precisa do consentimento do seu titular.

O segredo das comunicacións é un dereito fundamental das persoas; non respectalo trae graves consecuencias. Correo electrónico, mensaxería instantánea, chats ou SMS son formas de comunicarse e, en caso de facerse de xeito privado como sucede salvo en foros ou sistemas abertos, están protexidas pola Lei. Nestas comunicacións hai que ter en conta como se accedeu á comunicación e que uso se fixo do seu contido.

A Lei establece de forma xeral que quen “para descubrir os segredos ou vulnerar a intimidade doutro, sen o seu consentimento, se apodere dos seus papeis, cartas, mensaxes de correo electrónico ou calquera outros documentos ou efectos persoais, ou intercepte as súas telecomunicacións, ou utilice artificios técnicos de escoita, transmisión, gravación ou reprodución do son ou da imaxe, ou de calquera outro sinal de comunicación, será castigado coas penas de prisión dun a catro anos e multa de doce a vinte e catro meses”.

1.4. APOLOXÍA DO TERRORISMO.

Consiste en expresar apoio ou solidariedade, dalgún xeito, con bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas, así como comentar accións que entrañen descrédito, menosprezo ou humillación das vítimas do terrorismo ou os seus familiares. A sanción básica recollida no Código Penal é de prisión de un a dous anos.

Agravante: Incitar á discriminación, ao odio ou a violencia, por motivos “racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, a pertenza dos seus membros a unha etnia ou raza, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación sexual, enfermidade ou minusvalía” será castigado con pena de prisión de un a tres anos e multa de seis a doce meses. Os motivos xenófobos actúan como agravante da pena para calquera tipo de delito.

1.5. DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL.

En Internet, o delito cométese habitualmente en forma de acoso inda que tamén é posible que se dea o exhibicionismo e a provocación sexual. O acoso sexual consiste en solicitar favores relacionados co sexo, provocando na vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante.

Menores e pornografía. Está tipificada como delito a elaboración de pornografía ou a realización de espectáculos exhibicionistas ou pornográficos, públicos ou privados, con menores de idade ou persoas discapacitadas, así como a mera posesión, venda, distribución, a exhibición ou a colaboración na produción, venda, difusión ou exhibición de pornografía infantil. A sanción básica recollida no Código Penal é pena de prisión de un a catro anos.

Agravante: Utilizar nenos menores de trece anos, mostrar escenas de carácter especialmente degradante ou vexatorio, representar a nenos ou a persoas discapacitadas sufrindo violencia física ou sexual e ser ascendente, titor, coidador, gardador, mestre ou

calquera outra persoa encargada, de feito ou de dereito, do menor ou discapacitado (pena de prisión de 4 a 8 anos).

Grooming: Desde decembro 2010 entrou en vigor, en España, a regulación do *grooming* ou comunicación con menores de trece anos por medios telemáticos (Internet ou móbil) con propósito sexual, que é delito se finalmente o acosador se cita co menor (Art. 183 bis do Código Penal)